

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 5 DE AGOSTO DE 2024

### 1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00036813J.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno Local:

- Extraordinaria e urxente de data 26 de xullo de 2024.
- Ordinaria de data 29 de xullo de 2024.

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00041430B.

Licenza obra maior de rehabilitación parcial no edificio situado na Rúa da Algalia de Arriba, 38.

Concédesese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo de data de visado 20/03/2024 cun orzamento de execución material de 311.146,65 €, obras de rehabilitación parcial no edificio situado na Rúa da Algalia de Arriba, 38 Santiago de Compostela (A Coruña)

### 3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00010649N.

Licenza obra maior de rehabilitación e ampliación de edificio de dúas vivendas en Rúa Pitelos 7

Concédesese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Modificado 1 do proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Adrián Martín Prieto e Elena Sarmiento Díez achegado n data 10/06/2024, cun orzamento de execución material de 125.994,94 €, a rehabilitación e ampliación de edificio de dúas vivendas en Rúa Pitelos 7 Santiago de Compostela (A Coruña)

### 4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00020900Q.

Licenza de obra maior para reforma dos portais 49 e 51 do edificio sito na rúa Romero Donallo 49-51

Concédesese á comunidade de propietarios Romero Donallo 49 e 51 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Juan Pinto Tasende de ata de visado do 03/01/2024 orzamento de execución material de 58.267,94 €, a reforma dos portais 49 e 51 do edificio sito na rúa Romero Donallo 49-51 Santiago de Compostela (A Coruña)

Faise constar que o interesado ten depositada fianza de 1.000,00 € en garantía de reparación de posibles danos en pavimentos e servizos existentes caso de deterioro con motivo das obras.

### 5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00000058N.

Licenza de demolición de edificación e reconstrución de muro de mamposteria na parcela sita no lugar de Vilas, 10

Concédesese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena presentado o 29/12/2023 e documentación presentada nas datas o 16/01/2024 e o 18/06/2024 cun orzamento de execución material 2.218,75€, a demolición de edificación e reconstrución de muro de mamposteria na parcela sita no lugar de Vilas, 10 San Xoan de Fecha Santiago de Compostela (A Coruña)

**6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00047972K.**

Licenza de demolición das edificacións sitas na Rúa Tras Santa Isabel, 21-22 |  
Concédesese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira de data de visado do 27/10/2023 cun orzamento de execución material de 6.850,00€, a demolición das edificacións sitas na Rúa Tras Santa Isabel, 21-22 Santiago de Compostela (A Coruña) |

**7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00014428F.**

Licenza de demolición de edificación auxiliar na rúa Mallou, 113 |  
Concédesese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña de data de visado do 21/12/2023 cun orzamento de execución 2.250,00 € , a demolición de edificación auxiliar na rúa Mallou, 113 Santiago de Compostela (A Coruña), |

**8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00009541L.**

Licenza de parcelamento na Vía Isaac Peral, 1 Faraday, 2 |  
Concédesese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polos arquitectos Salomé Fernández Liste e Eloy Cambón García presentado o 20/02/2024 e documentación presentada o 23/05/2024, o parcelamento na Vía Isaac Peral, 1 Faraday, 2 Santiago de Compostela (A Coruña) en 5 parcelas. |

**9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00009475G.**

Licenza de parcelamento de finca sita no lg Folgoso Polígono 521 Parcela 2020 Pardiñeiros parcela con referencia catastral 15079B521020200000IH |

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 17/10/2023, outorgada ante o notario don Héctor Ramiro Pardo García co número de protocolo 666.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira presentado na data 20/02/2023 e documentación presentada o 26/10/2023, o parcelamento de finca sita en Lg Folgoso Polígono 521 Parcela 2020 Pardiñeiros Santiago de Compostela (A Coruña) en 2 parcelas. |

**10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00038596Y.**

Rectificación de erro do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela da sesión ordinaria do 29 de xullo 2024 . |

Rectifícase o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela da sesión ordinaria do 29 de xullo 2024 no sentido de aclarar e para facer constar que onde di “ *PARADORES DE TURISMO DE ESPAÑA SME SA ...*” debe dicir”...*INSTITUTO DE TURISMO DE ESPAÑA ( TURESPAÑA)*..” ratificando as restantes disposicións de dito acordo . |

**12. PATRIMONIO. Referencia: 2024/00033036P.**

Autorizar a transmisión da parcela de protección denominada BB-8 do SUNP-12 a

Compostela 2024, Sociedade cooperativa galega

Autorízase a transmisión da parcela de protección denominada **BB-8 do SUNP-12 a COMPOSTELA 2024, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA**, por un prezo non superior ao prezo establecido no prego (750.000 Euros, máis IVA) consonte ao establecido na Cláusula 12.k do mesmo, debendo subrogarse o comprador na posición xurídica do adxudicatario, con suxeición ás limitacións e condicións establecidas no alleamento da parcela municipal que deberán reproducirse na escritura de venda.

### 13. PATRIMONIO. Referencia: 2023/00019281B.

Adscrición da Casa das máquinas SC-19 á Concellaría de centros socioculturais

Acórdase ADSCRIBIR temporalmente á Concellaría DE CENTROS SOCIOCULTURALS o inmovible coñecido como casa das máquinas ou casa da luz SC-19, para que nela desenvolva actividades competencias de dita concellería.

A adscrición ten carácter finalista, polo que durante o tempo que dure, a concellería de Centros socioculturais deberá destinar a antiga casa das **máquinas ás actividades competencia de dita concellería**; sendo esta adscrición finalista, se o inmovible deixase de ser utilizado de forma permanente ou deixase de ser necesario para os fins que motivan esta adscrición, deberá acordarse a súa desadscrición. A tal fin, no caso de darse estas circunstancias, estas deberán comunicarse a Patrimonio para a adopción das medidas que sexan procedentes conforme á normativa aplicable.

Este acordo comunicarase á Concellaría de centros socioculturais, aos Servizos económicos e demais relacionados

### 14. TESOURERÍA CENTRAL. Referencia: 2024/00025568S.

Aprobación dunha operación de préstamo ano 2024

Acórdase:

UNICO.- Adxudicarlle o contrato de préstamo, con previa apertura de crédito, por importe de NOVE MILLÓNS DE EUROS (9.000.000,00 €) á entidade KUTXABANK de acordo co prego de prescricións aprobado e coa oferta económica presentada; isto é: Importe: 9.000.000,00 euros; Euribor trimestral + 0,27; Xuros de mora do 1,59

### 15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00016419C.

Adxudicación do contrato das Obras de execución do proxecto de "Pavimentación da Rúa das Baleixas (Marrozos)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023 a OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L, con NIF B15608193 por importe de 38.198,35 euros, sen IVE.

Acórdase:

**Primeiro:** Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as *Obras de execución do proxecto de "Pavimentación da Rúa das Baleixas (Marrozos)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023 a OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L,* con NIF B15608193, que presenta unha proposición económica de 46.220,00 € (base imponible de 38.198,35 € máis IVE do 21% de 8.021,65 €).

Desígnase como responsable do contrato a Dirección Facultativa da obra consonte o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato corresponde a Miguel Fernández Solís, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal.

**Segundo:** Comprometer un gasto por importe de 46.220,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 45400 6190000 (Código de proxecto 2023 2 PPROV 35 2).

#### **16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00019583Z.**

[Aprobación da revisión do IPC do prezo da renda do contrato de aluguer do inmovible denominado “Alugueiro dun local para destinalo a uso sociocultural e asociativo dos veciños do barrio de Guadalupe, sito no baixo do edificio nº 1 da rúa Celso Emilio Ferreiro”.]

Acórdase:

**Primeiro.-** Aprobar, como consecuencia da revisión do IPC, o prezo da renda do contrato de aluguer do inmovible denominado “Alugueiro dun local para destinalo a uso sociocultural e asociativo dos veciños do barrio de Guadalupe, sito no baixo do edificio nº 1 da rúa Celso Emilio Ferreiro”, a partir do 1 de xullo de 2024 no importe mensual de 352,98 € mais IVE (totat: 427,11 €), e importe anual de 5.125,32 € IVE incluído, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre xuño de 2023 e xuño de 2024, que supón un incremento relativo do 3,4 %.

**Segundo.-** Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC por importe de 168,60 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 060 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR., quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2024 (01/07/2024 ata 31/12/2024): 84,30 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 30/6/2025): 84,30 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

#### **17. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2024/00027904M.**

[Aprobación dos prezos públicos e dos reducidos nas actividades regulares e estables da rede de centros socioculturais do curso 2024-2025 e dar conta da programación nos distintos centros.]

Acórdase:

**Primeiro.** Aprobación da aplicación dos prezos públicos aplicables para as actividades regulares dos centros socioculturais do curso 2024/25

**Segundo.** Aprobación da aplicación, con carácter xeral, dos prezos reducidos por razóns de índole social, cultural e de interese público nas actividades que incentivan a participación da veciñanza dos barrios e das parroquias.

**Terceiro.** Aprobación da gratuidade na participación de actividades da rede de centros socioculturais conforme ao informe técnico da Concellaría de Acción Social do 14.06.2024.

**Cuarto.** Dar conta da programación xeral prevista nos centros socioculturais para o curso 2024/25.

**18. ÁREA XI. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TECNOLÓXICA. Referencia: 2024/00036516S.**

Validación da omisión da función interventora da S/2024/80 con 5 facturas emitidas pola empresa Ricoh España SLU

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de de CATROCENTOS TRINTA E UN EURO CON DAZASETE CÉNTIMOS (431,17 €), e que comeza pola factura número F/2024/774 por importe de 1,89 euros, e finaliza pola factura número F/2024/2321 por importe de 31,18 euros, emitidas pola empresa Ricoh España SLU (CIF/NIF: B82080177) en concepto de servizo de mantemento de fotocopiadoras en diversos departamentos municipais, correspondentes ao período entre xaneiro e maio de 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00011921F.**

Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 18 de marzo de 2024, sobre aprobación da solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios básicos

Acórdase rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 18 de marzo de 2024, sobre aprobación da solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios básicos

**20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00025570V.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela de data 31/07/2024 pola contía de 5.000 € para o financiamento do programa: “Captación, almacenamento e distribución de alimentos ás institucións asistenciais ou benéficas”.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela de data 31/07/2024 pola contía de 5.000 € para o financiamento do Programa: “Captación, almacenamento e distribución de alimentos ás institucións asistenciais ou benéficas”.

**21. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00036207M.**

Tomar coñecemento e aceptar a renuncia presentada pola Asociación de Persoas Sordas de Santiago de Compostela á subvención nominativa da que figura como entidade beneficiaria, segundo o disposto nos Orzamentos Municipais do concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2024

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da renuncia presentada pola Asociación de Persoas Sordas de Santiago de Compostela á subvención nominativa da que figura como entidade beneficiaria, segundo o disposto nos Orzamentos Municipais do concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2024, e que tivo entrada no Concello de Santiago de Compostela en data 15 de abril de 2024 mediante escrito asinado por Dona Fátima Granja Fernández, Presidenta da

Asociación de Persoas Sordas de Santiago de Compostela (APSSC) expoñendo a imposibilidade do cumprimento do obxecto establecido no convenio de colaboración co concello de Santiago de Compostela, véndose na obriga de rexeitar dita subvención nominativa para o ano 2024, polos motivos que dita entidade indica no seu escrito

2. Aceptar a renuncia formulada pola entidade Asociación de Persoas Sordas de Santiago de Compostela á subvención nominativa prevista nos Orzamentos Municipais do concello de Santiago de Compostela do ano 2024 e como consecuencia, a Entidade perderá (de forma voluntaria) o dereito a asignación económica aprobada no seu día polo Pleno Municipal. ]

## **22. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2024/00036774C.**

]Proposta de toma de coñecemento de varios convenios da Concellaría da Capitalidade Cultural para a anualidade 2024 ]

]Acórdase tomar coñecemento da sinatura dos seguintes convenios:

<b>Entidade beneficiaria</b>	<b>importe</b>	<b>Aprobación en XdG</b>	<b>Data de sinatura</b>
Agrupación cultural O Galo	5.000	22/07/2024	30/07/2024
Ateneo de Santiago	20.000	22/07/2024	30/07/2024
Asociación do conservatorio de música tradicional e folque de Lalín	20.000	29/07/2024	30/07/2024
Asociación cultural Cidade Vella	20.000	29/07/2024	30/07/2024
Cursos universitarios e internacionais de musica en Compostela	5.000	29/07/2024	30/07/2024
Performa Sociedade Cooperativa Galega	25.000	29/07/2024	30/07/2024

## **23. DEPORTES. Referencia: 2024/00020374L.**

]Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Baloncesto, ano 2024. ]

]Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 30 de xullo de 2024, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO para o ano 2024. ]

## **24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00025142F.**

]Proposta sobre a asunción pola Asesoría Xurídica da representación e defensa do Concello nas DPA 563/2023 do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela. ]

]Acórdase autorizar á Asesoría Xurídica:

-. Primeiro, o personamento como prexudicado nas Dilixencias Previas-Proc. Abreviado 563/2023 seguidas no Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela para ter coñecemento destas, autorizando o exercicio das accións civís e penais necesarias mediante a asunción da defensa e representación do Concello.

- Segundo, a contratación con carácter excepcional dun/dunha procurador/a co obxecto de asumir a representación procesual do Concello, ao tratarse dun procedemento relevante da xurisdición penal.

**25. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00036813J.**

[Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas.]

[Tómase coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 26 de xullo e o 1 de agosto de 2024.]

**URXENCIAS**

**26. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00033218Y.**

Validación da omisión da función interventora 753/2024 para F/2024/2600 expedida por ESPINA Y DELFIN SL. Servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago. Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CORENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (44.237,68 €), segundo a factura con número de referencia contable F/2024/2600 que se achega no expediente, emitida pola empresa Espina y Delfin SL (CIF núm. B15026693).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.